

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 16/02/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARÍA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

DIEGO GARCÍA SANTIAGO

SECRETARIO

MANUEL FRANCO LEIS

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16/02/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09 de febreiro de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/0376

Dáse conta de escrito presentado polo Club Arousa Bike BTT no que solicita autorización para a celebración da proba 3 HORAS DE RESISTENCIA Incluída na copa Galicia de resistencia BTT da Federación Galega de Ciclismo, que se levou a cabo o pasado día 15 de febreiro do presente ano, en horario de mañá.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais autorizando ao Club Arousa Bike BTT, á realización de dita proba.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/0410

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa INCIPRESA S.A.U., para a revisión anual obrigatoria dos elementos que compoñen o equipo de excarceración hidráulico co que conta este servizo, por un importe total de 3.071,96€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0416

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa AIRBOX SA, para a revisión anual obrigatoria dos equipos de respiración autónoma (ERA) do citado Servizo, por un importe total de 3.185,46€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0420

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de

Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa "Talleres Alonso" Manuel Alonso Payco con C.I.F.:35.917.198R, para mantemento preventivo anual do vehículo auto-escada co que conta o citado Servizo, por un importe total de 2.359,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0443

Dáse conta de publicación no DOG nº 24, de 05 de febreiro de 2026 de Resolución de 21 de xaneiro de 2026 da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pola que se fai público o importe do canon específico de tratamento por tonelada en planta da fracción orgánica dos residuos urbanos que deberá aplicar a Sociedade Galega do Medio Ambiente SA (Sogama) para o ano 2026, que se establece na suma de 52,89 € por cada tonelada de residuos domésticos FORSU xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

Así mesmo, dáse conta da publicación no DOG nº24, de 05 de febreiro de 2026 de Resolución de 23 de xaneiro de 2026 da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos doméstico que deberá aplicar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama) para o ano 2026 e a contía do canon unitario reducido, que se fixa en 97,76 € por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/0447

O Servizo Postal Público, a través da súa extensa rede, constitúe unha infraestrutura vital e un elemento clave para a cohesión social, territorial e económica, ao garantir a igualdade de acceso e a continuidade do servizo nos máis de 8.000 concellos do país.

A actualización da Lei Postal 43/2010/ do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos das persoas usuarias e do mercado postal, aprobada este verán e publicada no BOE o 29 de xullo de 2025, co apoio dos principais partidos políticos no Parlamento, ten como obxectivo garantir a viabilidade e o fortalecemento do Correo Público. A norma actualizada amplía ata 2030 a designación de Correos como operador do Servizo Postal Universal (SPU), reforza o financiamento do SPU para cubrir o custo real da súa prestación e encomenda á empresa postal pública novos Servizos de Interese Económico Xeral (SIEG) para prestar servizos como o acceso universal á Administración Pública, a accesibilidade a servizos financeiros básicos, entre outros, con dotación económica anual.

A pesar desta mellora lexislativa, temos constancia/ a través do sindicato CCOO, de que a situación do servizo postal público neste Concello de Vilagarcía de Arousa non mellorou nin se resolveron os problemas de atrasos na entrega da correspondencia e a perda de calidade que vén sufrindo Correos nesta localidade.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local de Vilagarcía de Arousa acorda:

- Instar ao Goberno de España, a través dos ministerios competentes, a garantir a sustentabilidade financeira das obrigas do Servizo Postal Universal e a poñer en marcha os novos Servizos de Interese Económico Xeral (SIEG), aprobados no Parlamento, que permitan a Correos mellorar a prestación dos servizos postais públicos que ten encomendados a través da normativa postal.
- Esixir á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos S.A. a urxente cobertura do persoal necesario para garantir a distribución e a entrega da correspondencia cinco días á semana nesta localidade, tal e como establece a Lei Postal.
- Adoptar á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos S.A. a urxente cobertura do persoal necesario para garantir a distribución e a entrega da correspondencia cinco días á semana nesta localidade, tal e como establece a Lei Postal.

Acórdase remitir este acordo á Presidencia do Goberno de España, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, á Sociedade Estatal de

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/0423

Dende a área de Servizos Sociais, de acordo co Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal, dáse conta da proposta de prazos de solicitudes de praza na Escola Infantil Municipal, para o curso 2026/2027:

1.Solicitudes de renovación para os nenos e nenas que xa están matriculados perante este curso: do 1 ao 15 de Marzo de 2026

2.Novas solicitudes: do 23 de marzo ao 15 de Abril de 2026.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/0392

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Unidad Editorial, S. A. para a subscrición anual ao diario El Mundo, con destino ó espazo de publicacións periódicas da Biblioteca Municipal, por un importe de 468,02€ (a partir do 1 de marzo de 2026), con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0402

Vista a proposta do Director da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización de dúas actividades de dinamización cultural e fomento da lectura, para o mes de febreiro de 2026.

- "Obradoiro de máscaras": Mónica Bastón Paz, con DNI 76826426D, o venres 20 de febreiro, co gallo do Entroido, a cargo da compañía Juste Kamishibai, ás 18:00 h. na Sala Infantil da Biblioteca, para 15 participantes e dirixido a nenos e nenas a partir de 6 anos, duración aprox. 90' , cun orzamento de 500,00 euros (IVE incluído) con cargo á partida 3321.22609.
- "Dende Rosalía": A Xanela do Maxín, con CIF B-70609367, o venres 27 de febreiro, co gallo do Día de Rosalía de Castro, a cargo da compañía A Xanela do Maxín, ás 18:00 h. na Sala Infantil da Biblioteca, espectáculo de teatro, poesía e música, con entrada de balde ata completar aforo. Dirixido a nenos e nenas a partir 3 anos, e público familiar. 40'de duración aprox., cun orzamento de 490,00 euros (IVE incluído) con cargo á partida 3321.22609.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0421

A XGL na sesión do 02/02/2026 aprobou a proposta de Contrato de Patrocinio con D. Ramiro Carregal para a financiación da IX edición do Festival clasclás por un importe total de 6.000,00 €. Solicitouse ao Departamento da Intervención Municipal

1.- A inclusión desta cantidade no Proxecto de gasto do Festival clasclás con código 2026/3/CRRTE/5, como LIÑA 2 de financiamento.

2.- Que na proposta de creación do Proxecto de gasto remitido a o pasado mes de xaneiro á Intervención Municipal figura a cantidade de 6.200,00 € na partida 2026 3261 205.

Que por erro, logo de recibido o ingreso do Sr. Carregal e antes de continuar cos trámites asociados a este proxecto, precisase modificar as cantidades iniciais do Proxecto de gasto 2026/3/CRRTE/5 pasando o importe de 6.000,00 € da partida 2026 3261 205 á partida 2026 3261 22699.

3.- Que a aportación realizada polo Sr. Carregal para o festival polo importe de 6.000,00 € xere crédito na partida 2026 3261 205 tal e como figura no contrato de patrocinio.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura do contrato de patrocinio entre o Concello de Vilagarcía e o Sr. D. Ramiro Carregal para a IX edición do Festival internacional de Música clasclás 2026, polo importe de 6.000,00 € así como da transferencia bancaria realizada polo Sr. Carregal na conta do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que pola Intervención Municipal se proceda a incrementar o orzamento do Proxecto de gasto 2026/3/CRRTE/5, na cantidade de 6.000,00 € na partida 3261.205, como liña 2 de funcionamento do mesmo.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2026/0400

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á cota do exercicio de 2026 a favor da Fundación Plácido Castro, polo importe de 3.000,00€, con cargo á partida 334.489.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/0394

Vista a proposta do encargado do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR S.L para a reparación da minipá varredora Mustang matrícula E-1063-BDJ por rotura do motor, por un importe total de 5.771,60 (IVE 21% incluído), con cargo á partida 1720.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0395

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa INOVA (INOVALABS DIGITAL SL), para asistencia técnica para a elaboración do 2º informe de seguimento do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES), que inclúe tanto a análise da situación do PACES como o inventario de seguimento de emisión e elaboración do documento final, así como a presentación da documentación a través da web do Pacto, por un importe total de 9.922,00 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 1720.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0455

O 16/04/2025 a directora xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade ditou resolución de concesión a este concello de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos por unha contía máxima de axuda de 8.100 € (custe total subvencionable 9.000 €) para melloras nos puntos limpos.

Vista a proposta do departamento de Medio Ambiente en relación á modificación do acordo da XGL do 01/12/2025 de aprobación de conta xustificativa da liña 1 das axudas para actuacións en

materia de residuos de competencia municipal (MT975U), e dado que na liña 1 desta axuda se poden incluír as actuacións en instalación destinadas á preparación para a reutilización efectuadas no pasado mes de outubro e, despois da proposta do servizo de residuos da Xunta de Galicia, propónse incluír nesta liña a actuación realizada pola empresa Metalurgica Cuevas S.L. consistente na subministración e colocación de portón de peche no espazo de PxR do punto limpo municipal.

Infórmase que a axuda outorgada se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida. A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Modificar o acordo adoptado na XGL de data de 01/12/2025 onde se aprobaba a conta xustificativa da liña 1 da subvención MT975U facendo constar de forma detallada:

- Que se cumpriu coa finalidade da subvención.
- Que se respectaron os procedementos de contratación pública
- Os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
MECANIZADOS LORENZO S.L.	SAN SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN DE ESTRUCTURA DE POLICARBONATO NO PUNTO LIMPO MUNICIPAL	215	5.420,80 €	07/11/2025	24/11/2025
METALURGICA CUEVAS SL	SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN DE PORTÓN DE PECHENO ESPAZO PxR PUNTO LIMPO MUNICIPAL	197	4.917,00 €	28/10/2025	24/11/2025
TOTAL			10.337,80 €		

PRP2026/0456

O 16/04/2025 a directora xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade ditou resolución de concesión a este concello de axudas para o financiamento de actuacións en materia de residuos por unha contía máxima de axuda de 6.300 € (custe total subvencionable 7.000 €) para melloras nas instalacións de preparación para a recuperación (PxR) e/ou autorreparación.

Vista a proposta do departamento de Medio Ambiente en relación á modificación do acordo da XGL do 01/12/2025 de aprobación de conta xustificativa da Liña 4 das axudas para actuacións en materia de residuos de competencia municipal (MT975U), e dada a posibilidade recollida no parágrafo 4 artigo 3 das bases reguladoras desta axudas de que as actuacións realizadas nos espazos destinados á PxR se poidan incluír na liña 1 destas axudas e despois da proposta do servizo de residuos da Xunta de Galicia, propónse incluír a actuación realizada neste espazo na liña 1 destas axudas.

Por todo isto Xunta de Goberno Local acorda:

Modificar o acordo adoptado na XGL de data de 01/12/2025 onde se aprobaba a conta xustificativa da liña 4 da subvención MT975U e a aprobación da renuncia da liña 4 da subvención MT975U.

TURISMO

PRP2026/0442

Vista a proposta do encargado do Servizo Municipal de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa OCIO SPORT AROUSA S.L., para a adquisición dos seguintes módulos de baños portátiles, por un importel total de 14.520,00€ (IVE engadido), con cargo á partida 432.62300.

- Módulos wc Mixto - 6,00x2,45 M
 - *3 wc Mujeres *3 wc Hombres
 - *1 urinario en acero inox, corrido de 5 m
 - *2 lavamanos, fuera
- Módulo Adaptado 2.50 x 2,30 M Minusvalído
 - *hombres/mujeres; 1 wc, 1 lavamanos, 1Espejo,
 - *rampa de acceso

Lembrase ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2026/0463

A Consellería do Mar publicou a ORDE do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2026, tramitada como anticipo de gasto.

A Concellería de Turismo considera que as dúas características que debe posuír o proxecto que se presente a fin de obter unha valoración non outorgada nos presentados en anos anteriores:

1. Que sexa un proxecto conxunto, isto é, que participen nel dúas entidades que están entre os posibles beneficiarios da convocatoria.
2. Que promova unha maior participación, empoderamento e liderado das mulleres.

Á vista destas circunstancias, a Xunta de Goberno Local, en base á proposta da Concellería de Turismo, acorda solicitar subvención ao abeiro da Orde do 12 decembro de 2025, para o proxecto MULLERES QUE CONSERVAN, a presentar conxuntamente coa Cofradía de Pescadores Santiago Apostol de Carril, NIF G36012813, para a realización das seguintes accións e por un importe do 100% do gasto, por ser un proxecto de interese e beneficiario colectivos.

A participación da Cofradía de Pescadores no proxecto resulta xustificada por: 1) a vinculación familiar que moitas daqueles mulleres que traballaron nas conserveiras poden ter coas socias e socios da Cofradía e 2) a implicación na preservación do espazo no que faenan as súas socias e socios.

As accións a realizar por cada unha das partes será:

Polo Concello:

ACCIÓN	PROVEEDOR	IMPORTE (IVE ENGADIDO)
DOCUMENTAL “Mulleres que Conservan: Voces do Pasado e do Mar”	ZERO ENTERTAINMENT GALICIA S.L. CIF: B09810110	14.943,50 €
2 TALLERES DE COCIÑA SOBRE CONSERVAS E NUTRICION	ROCÍO GARRIDO CARAMÉS NIF: 76824706Z	877,25 €
2 TALLERES DE COCIÑA PARA ELABORAR CONSERVAS	MARÍA JOSÉ FARIÑA ESPERÓN NIF:76865706M	907,50 €
DESEÑO DE CARTELERÍA E XESTIÓN DE REDES SOCIAIS	CARLOS CRESPO GÓMEZ NIF. 15373039T	1.391,50
PRESENTACION DE 4 TALLERES DE COCIÑA E INSTALACIÓN DE CÁMARA	JUAN CARLOS AMEIJERAS FARALDO NIF:76411882V	1.839,20
	TOTAL	19.958.95

A realizar pola Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril,

ACCIÓN	PROVEEDOR	IMPORTE (IVE ENGADIDO)
2 TALLERES DE COCIÑA CON CONSERVAS “PEPERETES”	JUAN CARLOS AMEIJERAS FARALDO NIF: 76411882V	2.395,80
CAMIÑO DO CARRO E 4 TALLERES DE MARISQUEO	NAÚTICA MEDUSA, S.L. CIF: B36595288	2.662,00
4 VIAXES EN GALEÓN	Bibiana Álvarez Seoane NIF: 35471462B	840,00
	TOTAL	5.897,80

O importe total do proxecto ascende a 25.856,75 €.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2026/0415

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e o orzamento do “XX Premio para a Igualdade de Xénero. Boas prácticas na escola”.

As entidades beneficiarias poderán ser centros educativos en xeral a través de departamentos concretos dos centros, e mais ANPAS, centros educativos de réxime de ensinanza especiais ou obradoiros de emprego, todos eles financiados con fondos públicos, e as condicións de participación veñen especificadas nas citadas bases.

O importe do Premio ascende á cantidade de 2.100,00€ repartidos en tres premios de 700,00€ cada un, con cargo á partida 2312.48100.

PRP2026/0440

Dentro dos obxectivos da Área de Persoas Maiores figura a mellora do envellecemento activo da poboación, obxectivo que se ven cumprindo ao longo dos últimos anos coa organización, entre outras actividades, de obradoiros de estimulación cognitiva cunha grande demanda que vai incrementándose ano tras ano.

E por isto que a Área de Persoas Maiores presenta á Xunta de Goberno Local para súa aprobación o programa “TALLER DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E PSICOMOTRICIDADE”, consistente en tres obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores. Dito programa estaría cofinanciado pola Deputación de Pontevedra por medio do PLAN CONCELLOS. Este Concello non dispón dos medios necesarios para a impartición deste servizo, salvo a aportación das instalacións do Auditorio Municipal para o seu desenvolvemento.

Farase catro sesións semanais de 90 minutos cada unha, formándose 4 grupos de 19 persoas por grupo (76 prazas en total). As clases impartiríanse previsiblemente na Antiga Biblioteca Municipal os martes e xoves en horario de tarde, a espera de confirmación da reserva exacta da instalación e do día. A duración do servizo distribuiríase ao longo do ano en dúas fases: a primeira entre os meses de febreiro a xullo, e a segunda entre os meses de setembro a novembro do 2026.

Por outra banda, o seguro de accidentes da actividade correrá a cargo da empresa que presta o servizo.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por AFASAL, Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer CIF G36583839, por un importe total de 14.400,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2313.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0449

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM ten previsto realizar diversas actividades, entre as que se atopa a “XVIII edición da Maratón Fotográfica pola Igualdade” que terá lugar o sábado 7 de marzo na que, previa inscrición, poderán participar persoas de oito ou máis anos, interesadas na fotografía. A actividade ten una duración de 9 horas (de 10:30h e ata as 19:30h) e os/as participantes deberán pasar por dous controis ao longo do día para realizar o seguimento, nos que se lles entregará un pequeno aprovisionamento. Posteriormente, e trala avaliación polo xurado, entregarase un premio por cada tema proposto. Finalmente realizarase una exposición con todas as fotografías participantes.

Aínda que a organización da Maratón será a cargo do persoal da Área de Igualdade, é necesaria a aprobación das bases de participación e mais gastos que se detallan para a súa realización.

Fáise constar que o agasallo que tradicionalmente se fai ás nenas e nenos que se presentan a Maratón , vaise orzamentar como unha previsión de autorización de gasto, que se xustificará posteriormente cos datos concretos dos nenos e nenas que se presenten.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases, orzamento e realización da Maratón Fotográfica 8M, por un importe total de 1.809,95€ (Ive Incluído), coa seguinte desagregación:

Nome		Descrición	Importe	Partida
PREMIOS EN METÁLICO A ENTREGAR POLO CONCELLO		-un premio por cada temática – modalidade xeral / tres temáticas	600,00 €	2312.48100
MERCEDES ROLÁN LÓPEZ	35463000J Rúa Arcebispo Xelmirez nº1, baixo 4	-Unha cámara fotográfica Instax Square1	153,75 €	2312.22199

	36600 Vilagarcía de Arousa			
GOAHEAD RESTAURACIÓN 2020SL	B94198934 Rúa Valentín Viqueira nº6. 36600 Vilagarcía de Arousa	-Desayuno e picnic, para participantes Maratón	467,50 €	2312.22601
CESPÓN ARTES SL	B36226918 Rúa do Río Nº36. 36600 Vilagarcía de Arousa	-Montaxe fotos exposición.	381,15 €	2312.22610
AUTORIZACIÓN GASTO COMPRA LIBROS AGASALLO		- Compra de 7 libros	207,55 €	2312.22699

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2026/0433

Vista a solicitude de D. Paulino Díaz Cano, en representación de Paradigma 9 Producciones SL (NIF B10532570), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 7 de marzo, durante todo o día, para a celebración do espectáculo CANTAJUEGOS, en sesión de 16:30 a 19:00 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A 23,00 €; Zona B 23,00 € e Zona C 18,00 €, máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 147,90 €
- Operarios (2): 295,80 €
- Conserxe: 51,00 €
- Persoal de taquilla (2): 142,80 €
- TOTAL: 902,20 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2026/0427

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 08 de setembro de 2025, aprobou o proxecto técnico denominado “Proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO (VILAXOÁN)”, redactado polo enxeñeiro de camiños don Francisco Javier Zubia Fernández da empresa PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L, cun orzamento de licitación de 775.759,57 € (IVE engadido).

Con data 20 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación para a execución da obra denominada “HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO (VILAXOÁN)” mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e anexos que rexen o mesmo.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 29 de decembro de 2025, adxudicouse o contrato de obra denominado “HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO (VILAXOÁN)” á mercantil CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU., por un prezo de 651.017,43 € (IVE incluído).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado Dirección de execución material e Coordinación de seguridade e saúde da obra de “Humanización da Rúa Bouza de Abaixo-Vilaxoán”, á arquitecta OLALLA RIOS RIVEIRO, con NIF 35482243M, por un Importe de 10.900,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.289,00€, o que totaliza un importe de adxudicación de 13.189,00 € (IVE engadido), segundo a oferta que presenta e con cargo á aplicación orzamentaria 1530-61900.

PRP2026/0428

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 08 de setembro de 2025, aprobou o proxecto técnico denominado “Proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA BOUZA DE ABAIXO (VILAXOÁN)”, redactado polo enxeñeiro de camiños don Francisco Javier Zubia Fernández da empresa PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L, cun orzamento de licitación de 775.759,57 € (IVE engadido).

